



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Lingua castelá e a súa didáctica		Código	652G02010
Titulación	Grao en Educación Primaria			
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Peñasco González, Sandra	Correo electrónico	sandra.pgonzalez@udc.es	
Profesorado	Maceiras Lafuente, Andrea	Correo electrónico	andrea.maceiras@udc.es	
	Peñasco González, Sandra		sandra.pgonzalez@udc.es	
Web	http://www.educacion.udc.es/			
Descrición xeral	Segundo o disposto na páxina 66 da «Memoria xeral do título de Graduado/a en Educación Primaria» (http://sgic.udc.es/open_file.php?id=2415), estes son os contidos que cómpre tratar na materia «Lingua Castelá e a súa Didáctica»: - Coñecemento do currículo de lingua e literatura castelá na Educación Primaria - A lingüística aplicada aos procesos de comunicación na Educación Primaria - Análise do comportamento fónico e léxico da lingua castelá - Análise do comportamento morfosintáctico e pragmático da lingua castelá - Desenvolvemento da competencia na expresión oral, na lectura e na escritura en lingua castelá - Coñecemento e dominio de técnicas de expresión oral e escrita - Fomento da lectura crítica de todo tipo de textos en lingua castelá - Coñecemento do proceso de aprendizaxe da linguaxe escrita e do seu ensino, e impulso da escritura Todas estas nocións recóllense, inda que baixo envolturas verbais diferentes, nas seis unidades que constitúen o temario da materia (véxase, para comprobalo, o apartado n.º 3 da presente «Guía»).			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A43	Comprender os principios básicos das ciencias da linguaxe e a comunicación.
A44	Adquirir formación literaria e coñecer a literatura infantil.
A45	Coñecer o currículo escolar das linguas e a literatura.
A46	Falar, ler e escribir correcta e adecuadamente nas linguas oficiais da Comunidade Autónoma.
A47	Coñecer o proceso de aprendizaxe da linguaxe escrita e o seu ensino.
A48	Fomentar a lectura e animar a escribir.
A49	Coñecer as dificultades para a aprendizaxe das linguas oficiais de estudantes de outras linguas.
A50	Afrontar situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multilingües.
A51	Expresarse, oralmente e por escrito nunha lingua estranxeira.
A52	Desenvolver e avaliar contidos do currículo mediante recursos didácticos apropiados e promover as competencias correspondentes aos estudantes.
B7	Comunicarse de maneira efectiva nun contorno de traballo.
B8	Capacidade para elaborar discursos coherentes e organizados lxicamente.
B9	Capacidade para expoñer as ideas elaboradas, de forma oral e na escrita.
B10	Capacidade de expresión oral e escrita en varias linguas (a lo menos nunha lingua estranxeira).
B11	Capacidade de comprensión dos distintos códigos audiovisuais e multimedia e manexo das ferramentas informáticas.
B13	Lectura e interpretación de imaxes.



B15	Capacidade para utilizar diversas fontes de información, seleccionar, analizar, sintetizar e extraer ideas importantes e xestionar a información.
B21	CB1 - Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeneral, e se adoita encontrar a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
B22	CB2 - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B23	CB3 - Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B24	CB4 - Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B25	CB5 - Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.	A45 A47 A48 A52	B11 B13 B15 B22 B23 B24	C3
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma	A43 A46 A50	B7 B8 B9	C1
Formular correctamente estándares ou indicadores de aprendizaxe de aula ou unidade didáctica, trasladalos a enunciados e deseñar ferramentas de avaliación axeitadas para estos	A45 A46 A52	B22	C1
Deseñar actividades lúdicas que promovan a competencia en comunicación lingüística ou a competencia literaria a partir de elementos curriculares	A45 A52	B11 B15 B22 B24	C1 C3 C8
Deseñar unha proposta didáctica para o desenvolvemento da competencia comunicativa a partir dunha investigación previa	A43 A45 A47 A48 A52	B15 B21 B22 B23	C3 C8
Achegarse á realidade multicultural e multilingüe valorando as posibles situacións que se poden dar nun contexto de didáctica da lingua castelá	A50 A51	B15 B21	C1 C2



Comunicarse de maneira efectiva nun contorno de traballo.	A46 A51	B7 B8 B9 B11 B13 B22	C1 C2
Comprender e saber fomentar a ética democrática da comunicación a través de perspectivas como a que plantexa a educación para o desenvolvemento.	A43 A49 A50	B7 B24 B25	C8
Capacidade para expoñer as ideas elaboradas, de forma oral e na escrita.	A46	B7 B9 B22	C1
Comprender os principios básicos das ciencias da linguaxe e a comunicación.	A43 A44	B7 B10	C1
Capacidade para elaborar discursos coherentes e organizados lxicamente.	A46	B7 B8	C1
Coñecer os procesos de interacción e comunicación na aula.	A43 A47 A49 A50 A52	B21 B22 B25	C3 C8
Coñecer o currículo escolar das linguas e a literatura.	A43 A45 A47	B25	C3
Falar, ler e escribir correcta e adecuadamente nas linguas oficiais da Comunidade Autónoma.	A46 A49 A50	B24	C1
Coñecer o proceso de aprendizaxe da linguaxe escrita e o seu ensino.	A43 A44 A47 A49	B22	C1
Fomentar a lectura e animar a escribir.	A44 A48 A52	B22	C3 C8
Afrontar situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multilingües.	A46 A49 A50	B21 B22	C1

Contidos	
Temas	Subtemas



Tema 1. O currículo de Lingua Castelá e Literatura na etapa de Educación Primaria	1. 1. Conceptos fundamentais 1. 1. 1. O currículo como resposta ás grandes preguntas do proceso educativo: que, cando e como ensinar e avaliar 1. 1. 2. Os niveis de concreción curricular no sistema educativo español: nivel político, nivel de centro e nivel de aula 1. 2. A materia de Lingua Castelá e Literatura no marco normativo en vigor 1. 2. 1. O desenvolvemento da habilidade para comunicarse, fin superior da nosa área de coñecemento 1. 2. 1. 1. A competencia comunicativa e os seus compoñentes (segundo o modelo de M. Canale e M. Swain) 1. 2. 1. 2. A adaptación do enfoque comunicativo a contextos multilingües 1. 2. 2. Visión de conxunto da organización do currículo básico da materia
Tema 2. A lectoescritura	2. 1. Sistema Scliar de alfabetización 2. 2. Ensinar a ler e escribir 2. 2. 1. Os métodos sintéticos, analíticos e mixtos 2. 2. 2. O enfoque construtivista, etapas e tipos de textos 2. 2. 3. A competencia literaria
Tema 3. As habilidades lingüísticas	3. 1. O proceso comunicativo 3. 2. O código oral 3. 2. 1. Caracteres xerais da comunicación oral 3. 2. 2. Notas de didáctica da oralidade: como traballar a produción e a comprensión de textos orais 3. 3. O código escrito 3. 3. 1. Caracteres xerais da comunicación escrita 3. 3. 2. Notas de didáctica da escritura: como traballar a produción e a comprensión de textos escritos
Tema 4. A ortoloxía, a ortografía e o seu ensino	4. 1. Fonoloxía e ortoloxía 4. 1. 1. Introducción á análise fonolóxica 4. 1. 2. Teorías do desenvolvemento fonolóxico 4. 1. 3. Unidades 4. 2. A ortografía 4. 2. 1. Etapas da aprendizaxe ortográfica 4. 2. 2. A escritura alfabética 4. 2. 3. A ortografía na aula



Tema 5. A gramática e o seu ensino	5. 1. Distincións preliminares 5. 1. 1. A función metalingüística da linguaxe 5. 1. 2. Os niveis da gramática 5. 2. A morfoloxía 5. 2. 1. A conciencia morfolóxica 5. 2. 2. Unidades e significados 5. 3. A sintaxe 5. 3. 1. A conciencia sintáctica 5. 3. 2. Relacións e unidades 5. 3. 3. A sintaxe inversa
Tema 6. O léxico e o seu ensino	6. 1. O léxico 6. 1. 1. A conciencia léxica 6. 1. 2. Didáctica do léxico

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	B13 B15 B23	0	10	10
Sesión maxistral	A50 A49 A48 A47 A46 A45 A44 A43 B11 B21	18	26	44
Traballos tutelados	A51 B8 B9 C2 C3	6	7	13
Aprendizaxe servizo	A52 B7 B10	12	14	26
Portafolios do alumno	C1 C8	0	10	10
Proba obxectiva	B22 B24 B25	3	40	43
Atención personalizada		4	0	4
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	Os alumnos e alumnas utilizarán documentos bibliográficos e audiovisuais proporcionados polos docentes para completar as sesións maxistrais e apoiarse nas sesións interactivas e nos traballos tutelados.
Sesión maxistral	As exposicións orais, xunto cos esquemas en formato presentación, do profesorado servirán como guía de estudo da materia.
Traballos tutelados	Traballo individual consistente no deseño dunha proposta lúdica para a didáctica da lingua ou da literatura.
Aprendizaxe servizo	Proxecto de traballo colaborativo no que se presta servizo a un centro escolar concreto. Consistente no deseño dunha proposta de educación fora da aula ou na natureza orientada ao desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado.
Portafolios do alumno	Arquivo ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumno ou alumna nas sesións interactivas do curso.
Proba obxectiva	Con esta proba preténdese determinar, de xeito obxectivo, os coñecementos adquiridos polo alumno ou alumna durante o curso.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Aprendizaxe servizo	O/a docente estará dispoñible, tanto no horario de titorías que se estableza como a través do correo electrónico, para resolver calquera dúbida relacionada coa materia ou co desenvolvemento do curso. Ao alumnado con dispensa académica procurarase ofrecerlle facilidades para o contacto, dentro sempre das limitacións impostas por outras obrigas académicas e pola vida privada, así como o mesmo tipo de avaliación.
Proba obxectiva	
Traballos tutelados	
Sesión maxistral	

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Aprendizaxe servizo	A52 B7 B10	Proxecto de traballo colaborativo no que se presta servizo a un centro escolar concreto. Consistente no deseño dunha proposta de educación fora da aula ou na natureza orientada ao desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado.	30
Proba obxectiva	B22 B24 B25	Con esta proba, ademais de examinar os coñecementos adquiridos polo alumno/a durante o curso grazas ás sesións maxistrais, e ás actividades desenvolvidas nas sesións interactivas, e a análise de fontes documentais, avaliarase a súa competencia en expresión escrita en lingua castelá.	40
Traballos tutelados	A51 B8 B9 C2 C3	Traballo individual consistente no deseño dunha proposta lúdica para a didáctica da lingua ou da literatura.	20
Portafolios do alumno	C1 C8	Arquivo que se pode presentar para comprobar a rigurosidade no seguimento do alumno ou da alumna das sesións interactivas. Presentarase ordenado, dando conta do desenvolvemento das mesmas ou do produto final de cada unha delas.	10

Observacións avaliación
Os/as alumnos/as con matrícula a tempo parcial poderán solicitar a dispensa académica para esta materia. Logo de a obteren, deberán poñerse en contacto co/coa docente, que arbitrará procedementos de avaliación adicionais á proba obxectiva (á cal teñen, coma o alumnado ordinario, o dereito e o deber de presentarse).
A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso (nota numérica 0) na convocatoria en que se cometa.

Fontes de información



Bibliografía básica	- Gil, José María (2019). Lectoescritura como sistema neurocognitivo. Educación y educadores - Robertson, J. (2017). Educar fuera del aula. SM - Sánchez, M. (2021). En clase sí se juega. Paidós Educación - Camps, Anna et alii. (2004): La enseñanza de la ortografía, Barcelona, Graó.- Carratalá, F. (1993). La ortografía y su didáctica en la Educación Primaria. Revista Interuniversitaria de Formación del Profesorado, 18, 93-100.- Cassany, Daniel (1991): Describir el escribir. Cómo se aprende a escribir, Barcelona, Ediciones Paidós.- Cassany, Daniel (1995): La cocina de la escritura, Barcelona, Editorial Anagrama. - Cassany, Daniel (1996): Reparar la escritura. Didáctica de la corrección de lo escrito, Barcelona, Graó.- Cassany, Daniel (2006): Tras las líneas, Barcelona, Anagrama.- Cassany, Daniel et alii (2003): Enseñar lengua, Barcelona, Graó.- Díaz, C. (1996). Ideas infantiles acerca de la ortografía del español. Revista Mexicana de Investigación Educativa. 1 (1), 70-87.- Ferreiro, Emilia e Teberosky, Ana (1995): Los sistemas de escritura en el desarrollo del niño, México, Siglo XXI Editores.- García, J. N. y González, L. (2006). Diferencias en la conciencia morfológica, la escritura y el lenguaje en función del desarrollo y el nivel educativo del niño. Psicothema, 18 (2), 171-179.- Gómez Picapeo, J. (2015). La evaluación mediante criterios y estándares. Aplicaciones al área de Lengua y Literatura. Didácticas Específicas, 11. Recuperado a partir de https://revistas.uam.es/didacticasespecificas/article/view/134- Guerrero Ruiz, Pedro e Caro Valverde, M.ª Teresa (Coords.) (2015): Didáctica de la Lengua y Educación Literaria, Madrid, Pirámide.- Instituto Cervantes (2019). El español: una lengua viva. Recuperado de https://www.cervantes.es/imagenes/File/espanol_lengua_viva_2019.pdf - Martín Vegas, Rosa Ana (2009): Manual de didáctica de la lengua y la literatura, Madrid, Síntesis.- Mata Anaya, Juan, Núñez Delgado, M.ª Pilar e Rienda Polo, José (Coords.) (2015): Didáctica de la lengua y la literatura, Madrid, Pirámide. - Mendoza Fillola, Antonio et alii (1996): Didáctica de la lengua para la enseñanza primaria y secundaria, Torrejón de Ardoz (Madrid), Akal. - Mendoza Fillola, Antonio (2003): Didáctica de la lengua y la literatura para Primaria, Madrid, Pearson Educación.- Palou Sangrà, J. e Fons Esteve, M. (Coords.) (2016). Didáctica de la lengua y la literatura en Educación Primaria. Madrid: Síntesis.- Pérez Esteve, Pilar e Zayas, Felipe (2007): Competencia en comunicación lingüística, Madrid, Alianza.- López Valero, Armando e Encabo Fernández, Eduardo (2001): Mejorar la comunicación en niños y adolescentes, Madrid, Ediciones Pirámide.- Ochoa, L. (2008). La gramática y su relación con la lectura y la escritura. Educación y ciudad, 15, 9-20.- Real Academia Española (2010): Nueva gramática de la lengua española: manual, Madrid, Espasa.- Real Academia Española (2010): Ortografía de la lengua española, Madrid, Espasa.- Real Academia Española (2011): Nueva gramática básica de la lengua española, Madrid: Espasa. - Real Academia Española (2012): Ortografía básica de la lengua española, Madrid, Espasa.- Casimiro Urcos, C. N., & Casimiro Urcos, W. N. (2013). Piaget, Vigotski y enseñanza de la lengua materna. Revista Educación y Desarrollo Social, 7 (2), 186-199. https://doi.org/10.18359/reds.690- Varela Ortega, Soledad (2003): Morfología léxica: la formación de palabras, Madrid, Gredos.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

[illegible]

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías